



LUNS, 6 DE NOVEMBRO DE 2023 | LUNES, 6 DE NOVIEMBRE DE 2023 | BOP NÚMERO 211

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### OLEIROS

##### Persoal

*Aplicación da tramitación de urxencia ao proceso para cubrir cinco prazas da policía local*

##### ANUNCIO

Por resolución 2023005348, do 30 de outubro, da segunda tenente de alcalde de Persoal (Decreto de alcaldía 2023003281, do 21 de xuño), aprobase o seguinte con respecto ao proceso para cubrir cinco prazas de policía local (escala básica, categoría policía) polo sistema de oposición libre:

No Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) nº 176, do 14 de setembro de 2023, publicouse a convocatoria para cubrir –polo sistema selectivo de oposición libre- cinco prazas do corpo da policía local do Concello de Oleiros (escala básica, categoría policía).

Posteriormente publicáronse anuncios no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 192, do 9 de outubro, e no Boletín Oficial do Estado (BOE) nº 254, do 24 de outubro de 2023, publicación esta última que abriu o prazo de presentación de solicitudes que rematará o próximo 22 de novembro.

Tendo en conta que o comezo do curso de capacitación de policías organizado pola Academia Galega de Seguridade Pública prevese para principios do ano 2024, faise necesario reducir os prazos do procedemento de selección, aplicándolle a tramitación de urxencia, para poder finalizar o procedemento de selección en curso.

De acordo co artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que regula a aplicación do trámite de urxencia, establecendo a posibilidade de reducir á metade todos os prazos agás o de presentación de solicitudes.

Resólvese, aplicar a tramitación de urxencia ao procedemento selectivo para cubrir, por funcionarios de carreira, cinco prazas de policía local (BOP nº 176, do 14 de setembro, DOG nº 192, do 9 de outubro, e BOE nº 254, do 24 de outubro de 2023) reducindo todos os prazos á metade, agás o de presentación de solicitudes.

Oleiros, 30 de outubro de 2023.

A segunda tenente de alcalde delegada de Persoal

Margarita Figueroa Vázquez

2023/8624